

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o profesional que se encontre na situación de servizos especiais:

- A) Ten dereito á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe.
- B) Ten dereito á percepción de trienios pero non á reserva da praza de orixe.
- C) Non ten dereito á percepción de trienios pero si á reserva da praza de orixe.
- D) Non ten dereito á percepción de trienios nin á reserva da praza de orixe.

2. Seleccione o contido do artigo 43 da Constitución Española:

- A) O dereito ao traballo.
- B) O dereito a unha vivenda digna.
- C) O dereito á intimidade persoal e familiar.
- D) O dereito á protección da saúde.

3. Sinale a afirmación correcta en relación ao período formativo ou de prácticas previo á obtención dun nomeamento como persoal estatutario fixo, previsto no artigo 20 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) A súa superación constitúe un requisito necesario en todas as convocatorias para o acceso á condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde.
- B) A súa duración non pode superar os tres meses.
- C) Durante o dito período, o/a aspirante percibe as retribucións básicas e o complemento de destino.
- D) Durante o dito período, o/a aspirante percibe a totalidade das retribucións básicas e complementarias do grupo correspondente.

4. No ámbito da Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o prazo mínimo de conservación da información contida na historia clínica do paciente que NON deba conservarse indefinidamente, é de:

- A) 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) 10 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) 15 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- D) 20 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

5. De conformidade co artigo 15 do Estatuto de Autonomía para Galicia, o Presidente da Xunta é nomeado por:

- A) O Rei.
- B) O Presidente do Goberno de España.
- C) O Presidente do Parlamento de Galicia.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

6. Indique como se denomina o procedemento xudicial previsto no artigo 17 da Constitución Española, polo que se debe poñer un detido a disposición inmediata da autoridade xudicial:

- A) Habeas corpus.
- B) Proceso de amparo.
- C) Proceso sumario.
- D) Recurso de casación.

7. Cal dos seguintes NON constitúe un dereito dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario, regulado no artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade:

- A) Á información sobre os servizos sanitarios aos que pode acceder.
- B) Á confidencialidade da información relacionada co seu proceso.
- C) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- D) A cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.

8. De conformidade co artigo 75 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o acordo de creación de hospitais públicos en Galicia corresponde ao:

- A) Consello Galego de Saúde.
- B) Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) Consello da Xunta de Galicia.
- D) Conselleiro/a de Sanidade.

9. Segundo o artigo 13 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o órgano colexiado asesor das Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo é:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- B) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- C) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) O Consello Nacional de Políticas de Prevención.

10. De conformidade co artigo 22 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a renuncia á condición de persoal estatutario deberá ser solicitada polo interesado cunha antelación mínima de:

- A) 10 días á data na que se desexe facer efectiva.
- B) 15 días á data na que se desexe facer efectiva.
- C) 20 días á data na que se desexe facer efectiva.
- D) 30 días á data na que se desexe facer efectiva.

Preguntas de reserva

1. De conformidade co artigo 38 da Lei Xeral de Sanidade, o Estado ten como competencia exclusiva:

- A) A sanidade exterior.
- B) As relacións e acordos sanitarios internacionais.
- C) A policía sanitaria mortuoria.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

2. Segundo o artigo 63 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, mantense na situación de servizo activo o profesional que:

- A) Estea en comisión de servizos.
- B) Desfrute de vacacións e permisos.
- C) Se encontre na situación de incapacidade temporal.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.